

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



CEIP FRIONS

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Índice

1. Xustificación

2. Obxectivos

3. Desenvolvemento e medidas de actuación

3.1. Modalidades de atención

3.1.1. Atención en xeral atendendo á singularidade

3.1.2. Atención no caso de alumnado con neaes.

3.1.2.1. Atención ordinaria

3.1.2.2. Atención extraordinaria

- Alumnado con discapacidade ou trastornos graves de conducta.
- Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe
- Alumnado con altas capacidades
- Alumnado con integración tardía no sistema educativo español.
- Alumnado que por condicións persoais ou de historia escolar presenta n.e.a.e.

3.2. Prevención das dificultades

3.3. Mecanismos de reforzo ante as dificultades detectadas

3.3.1. Profesorado de apoio

3.3.2. Consideracións sobre os apoios

3.3.3. Adaptacións curriculares (ACS)

3.3.4. Reforzos educativos (RE)

4. Avaliación do Plan

5. Anexos:

- 5.1. Funcións DO CEIP Frións: Marco lexislativo
- 5.2. Protocolo de actuación nas n.e.a.e.
- 5.3. Programa de Apoio ás n.e.a.e
- 5.4. Protocolo Conductas Disruptivas
- 5.5. Programa PASS de Intervención Cognitiva (PPIC)

1. XUSTIFICACIÓN

A Atención á Diversidade afecta a todo o alumnado. Cada neno/a é único e singular e a escola debe procurar buscar alternativas dende o respecto á individualidade e ao ritmo de cada un. Así mentras a maioría dos nosos alumnos/as poden recibir atención diversificada mediante a forma habitual por parte do profesorado, empregando "as medidas ordinarias" de atención á diversidade, outros/as alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo, van a precisar unha axuda pedagóxica máis axustada as súas características.

As medidas de intervención a tomar co alumnado en xeral e en particular co alumnado con necesidade específica de apoio educativo (neae), organízase entornó ao **Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD)**, realizado polo Departamento de Orientación e que será recollido no Proxecto Educativo de Centro (PEC), que está en proceso de actualización no CEIP de Frións.

2. OBXECTIVOS

- Proporcionar unha resposta educativa correcta e personalizada ás necesidades de todo o alumnado, especialmente aquel que presenta necesidades específicas de apoio educativo.
- Contrastar e acordar polos profesionais do centro criterios e actuacións no campo da diversidade.
- Lograr unha maior coordinación entre os diferentes profesionais e especialistas que atenden ao alumnado.
- Conseguir un óptimo aproveitamento dos recursos do centro.
- Educar en valores democráticos, que favorezan a participación e a integración na sociedade e melloren a convivencia do centro.

3. DESENVOLVEMENTO E MEDIDAS DE ACTUACIÓN

Para poder dar resposta ás necesidades de todo o alumnado plantexanse unha serie de medidas en función dos seguintes principios:

1. Atención individualizada.
2. Prevención das dificultades de aprendizaxe.
3. Mecanismos de reforzo ante as dificultades detectadas.

Ditas medidas están dirixidas aos seguintes ámbitos de actuación:

- Alumnado
- Profesorado
- Familias
- Centro
- Comunidade
- Administración educativa

3.1. MODALIDADES DE ATENCIÓN

3.1.1. Atención en xeral atendendo á singularidade

Dende o Departamento de Orientación facilitaranse, na medida que se soliciten, ben a título individual ou como prioridade incluída no Plan Anual de dito Departamento, as suxerencias, propostas e programas necesarios para acadar nas aulas o seguinte:

- Individualizar ao máximo os procesos de ensino-aprendizaxe para respectar os diferentes estilos cognitivos, estilos de aprendizaxe, a través dunha atención personalizada, procurando conxugar a economía do docente coa autonomía do discente mediante o uso de estratexias e técnicas para aprender a aprender.
- Destacar a importancia de traballar na aula atendendo a aspectos tales como:
 - A motivación a través de actividades funcionais.
 - Clima de traballo axeitado, aberto e participativo.
 - O fomento dunha autoestima positiva.
 - A educación en valores e habilidades sociais.
 - As didácticas de aula: Traballo en grupo, actividades curtas e variadas, distintos recursos, obxectivos a curto prazo, o xogo como sistema de aprendizaxe...
 - O hábito da lectura.
 - O esforzo.
 - A implicación familiar.
 - ...

3.1.2. Atención no caso de alumnado con n.e.a.e

Despois da revisión de prioridades no Departamento de Orientación, establecéronse os seguintes criterios de organización para a atención do alumnado con neaes, tal e como se recolle no Plan de Orientación:

- Atención ao alumnado do centro que presenta necesidades educativas especiais máis significativas, (minusvalías ou deficiencias valoradas, alumnos con ACS, Grupos Flexibles.)
- Apoio ao alumnado que presenta un retraso escolar nas áreas instrumentais básicas, e dando preferencia aos alumnos que estean escolarizados nos primeiros cursos cando haxa un número moi elevado de alumnos na súa aula ordinaria.

O obxectivo fundamental das avaliacións psicopedagóxicas que se realicen será entender o proceso cognitivo do/da alumno/a como a maneira en que leva a cabo a aprendizaxe e a resolución de problemas, así como detectar as posibles causas das dificultades observadas.

Basearanse no modelo cognitivo que, a diferenza doutras teorías, entende a intelixencia como un fenómeno mental consistente no procesamento cerebral da información. Non é por tanto considerada como algo estático e reductible a un cociente, a un número.

A valoración da intelixencia realizarase basicamente cun fin diagnóstico e predictivo a efectos de orientación. pero principalmente terapéutico no sentido que a intelixencia é cambiante, modificable e polo tanto susceptible de mellorar o seu rendemento levando a cabo unha intervención que incida no perfil cognitivo.

A intervención emocional, de ser o caso, abordarase a través de pautas para o titor/a, o profesorado de Pedagogía Terapéutica e para a familia.

3.1.2.1. Alumnado con discapacidade ou trastornos graves de conducta:

- Para precisar as necesidades que presenta e dar resposta axeitada ás mesmas, poderase solicitar a colaboración de:
 - O Equipo de Orientación Específico
 - Servizos socio-sanitarios
 - Outros (Atención temperada, gabinetes psicopedagóxicos., etc)
 - Administración
- Protocolos de actuación ante TXD, TDAH (Anexo...),...
- Adecuación do centro ás necesidades do alumnado.

3.1.2.2. Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe:

- Cando un/unha alumno/a o/a presente dificultades de aprendizaxe, o/a titor/a recabará máis datos do/da mesmo/a a través de:
 - Expediente académico
 - Avaliación inicial
 - Actividades e traballos de clase
 - Entrevistas: cos pais e co/coa alumno/a, co profesorado especialista e o de cursos anteriores.

E poñerá en marcha as medidas de reforzo que considere máis oportunas para o que poderá pedir asesoramento, se así o considera, as profesoras de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe (de haber a praza no centro) e/ou Orientadora.

- Se despois dun trimestre, a pesar das medidas adoptadas, persisten as dificultades solicitarase a intervención do Departamento de Orientación para realizar unha avaliación psicopedagóxica, cubrindo e asinando debidamente os modelos de:
 - Solicitude de intervención do Departamento.
 - Autorización dos pais.

Estas demandas serán atendidas por este orde:

- 1º. Peticións realizadas no pasado curso e que non poideron ser abordadas.
- 2º. Alumnado "repetidor", con serio fracaso escolar e/ou susceptible de A.C.S.
- 3º. Data da demanda
- 4º. Alumnado de cursos inferiores.

- Unha vez finalizada a avaliación psicopedagóxica, a Orientadora comunicará os resultados ao/á titor/a, propondrá as medidas que estime oportunas, e informará seguidamente aos pais do alumno/a. Os cambios en ditas medidas e a súa duración dependerán da efectividade observada ao longo da súa posta en práctica, considerando necesario, en moitos casos, deixar transcorrer un período de 6 meses para poder facer unha valoración.

Serán referente importante as avaliacións trimestrais.

3.1.2.3. Alumnado con altas capacidades:

- Requerirase a intervención do Equipo de Orientación Específico para completar a avaliación psicopedagóxica e orientar no tocante ás medidas máis axeitadas.

3.1.2.4. Alumnado con integración tardía no sistema educativo español:

- Ver Plan de Acollida e Integración do Alumnado Estranxeiro.

3.1.2.5. Alumnado que por condicións persoais ou de historia escolar presenta n.e.a.e.

- Valorarase a necesidade de apoio e proporcionarase se é o caso, na medida do posible, aínda que non exista déficit cognitivo, a fin de intentar paliar as consecuencias que poideran derivarse dunha circunstancia determinada, dunha vida inestable, da falta de atención por parte da familia, de condicións sociais desfavorables, etc.
- Protocolo de absentismo.
- Colaboración cos servizos socio-sanitarios.

3.2. PREVENCIÓN DAS DIFICULTADES

- Programa de Estimulación da Linguaxe en Educación Infantil. (De haber AL no centro, senón será impartido polo profesorado de Educación Infantil)
- Coordinación de Educación Infantil e 1º Ciclo de Educación Primaria no proceso de ensino da lectoescritura, a través dunha reunión que terá lugar en Setembro, antes do inicio das clases.
- Desdobles (de ser posible) no 1º nivel do 1º Ciclo de Educación Primaria para facilitar a adquisición da lectoescritura.
- Reunión da orientadora os primeiros días de setembro cos titores e os especialistas asignados aos distintos grupos, para informar do alumnado ao seu cargo que presenta n.e.a.e.
- Reunión do Departamento de Orientación e outra semanal para coordinación da Orientadora coas especialistas de Pedagogía Terapéutica e especialista en Audición e Linguaxe (de haber a praza no centro).
- Pautas e orientacións para o profesorado ante as reunións xerais e as entrevistas individuais coas familias.
- Colaboración e intercambio de información cos servizos sociosanitarios e centros de procedencia do alumnado.

O Departamento de orientación emitirá informes sempre que sexan solicitados por escrito dende entidades públicas, ás que serán directamente enviados.

- O agrupamento do alumnado por aulas realizarase por orde alfabética. Para garantir a heteroxeneidade e favorecer a coeducación.

3.3. MECANISMOS DE REFORZO ANTE AS DIFICULTADES

3.3.1. Profesorado de apoio:

O traballo de dous profesores/as na aula facilita a atención á diversidade do grupo de alumnos/as. Cando se produza esta circunstancia o profesorado de apoio evitará sentar sempre ao lado dos que teñen dificultades, para que non se estableza unha relación de dependencia ou manipulación do profesorado por parte do alumno ou alumna de que se trate.

- Profesorado de Nivel:
Realizado por aquel que non cubre as 21 horas lectivas.
Será solicitado polos/polos titores/as no mes de Outubro ao Xefe/a de Estudos, que adscribirá ao profesorado en función da maior disponibilidad horaria e respectando a pertencencia ao mesmo nivel, ciclo ou etapa por esta orde.
- Especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe:
As intervencións específicas levaranse a cabo dentro da aula á que pertence o alumno/a.
Realizaranse fóra da mesma cando sexa necesario realizar exercicios logopédicos e/ou actividades que interrompían o normal desenvolvemento da clase no grupo de referencia.

3.3.2. Consideracións sobre os apoios:

- Cando se realicen fóra da aula ordinaria o titor/a terá en conta esta circunstancia e porá en práctica as medidas que considere oportunas para que o/a alumno/a non se vexa negativamente afectado.
- Cando as intervencións se realicen a través do programa PASS de Intervención Cognitiva PPIC (Anexo...) o alumnado sairá da clase preferentemente naquelas áreas onde atopa menor dificultade, e en ningún caso cando teñan especialista.
- O número máximo de sesións de apoio fóra da aula será de 8 mentras que a distribución no centro sexa de vintecinco horas lectivas.
- Cando xurdan novas necesidades de apoio ao alumnado e os horarios do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe estean completos, a Orientadora xunto con este profesorado, o Xefe de Estudos, e os titores/as afectados, valorarán a conveniencia de reestructuralos ou non en función de ditas necesidades.
- O profesorado-titor adaptará o horario da aula en función das posibilidades de atención ao alumnado por parte das especialistas de PT ou AL.

3.3.3. Adaptacións curriculares significativas (ACS)

Modificacións de un ou máis elementos prescriptivos do currículo: Obxectivos, contidos e/ou criterios de avaliación.

- Elaboraranse preferentemente no primeiro trimestre do curso.
- Cando un titor remate ciclo e propoña unha ACS para un alumno/a indicará na última sesión de avaliación as áreas que deberán ser adaptadas e aportará no expediente do alumno, o mais pormenorizadamente posible, un informe sobre a competencia curricular do mesmo.
- O titor/a, realizará reunións periódicas, ao longo dos trimestres, co profesorado especialista de PT/AL, para ver a marcha do alumno/a, e cubrirán ao final de cada curso o seguemento da ACS, así como os criterios de avaliación para a revisión da ACS rematado o ciclo.

3.3.4. Reforzos educativos (RE)

Medidas referidas ao ámbito da metodoloxía: Secuencia de contidos, formas e instrumentos de avaliación, organización da aula e/ou agrupamento de alumnos/as.

- Reflectiranse no Informe ás Familias e no Expediente Académico:
 - Cando o apoio ao/á alumno/a sexa realizado polo profesorado de PT e/ou AL reflectirase RE xunto á calificación obtida na materia ou materias de que se trate.
 - Cando sexa levado a cabo polo/pola titor/a e/ou polo profesorado de nivel dentro da aula reflectirase cun comentario no apartado de "Observacións" .
 - Pero cando se trate de alumnado repetidor, ou que ten asignaturas pendentes, o/a titor/a, deberán marcar RE xunto a cualificación desa materia ou materias, aínda que non reciban apoio de PT/AL, pois enténdese que eles programaron actividades de RE para eses alumnos/as.

4. AVALIACIÓN DO PLAN

A avaliación, para revisión e reaxuste de dito plan, realizarase a finais de cada curso pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, tendo en conta os datos aportados polos ciclos, polo profesorado de apoio, equipo directivo e orientadora.